



LEONARDO LEMOS MONTANET
OBISPO DE OURENSE


Prot. N: 107/2022

**NOS, O DOUTOR D. JOSÉ LEONARDO LEMOS MONTANET,
POLA GRAZA DE DEUS E DA SÉ APOSTÓLICA
BISPO DE OURENSE**


A situación xeográfica do territorio diocesano, que ó longo da súa máis que milenaria historia estivo percorrido por moitos camiños e vías de comunicación ata o día de hoxe; sabendo que no curso do tempo viuse que o “CAMIÑO DE SANTIAGO”, a “RUTA ROSENDIANA”, e as moitas peregrinacións e romaxes que existen nos nosos pobos están adquirindo unha resonancia singular nos homes e mulleres deste tempo, en especial nos mozos, é polo que considerarei que eses *camiños, vías e lugares de peregrinación* sexan obxecto dunha especial atención e coidado porque tamén eles constitúen eses “**novos areópagos**” nos que se ten que desenvolver a tarefa evanxelizadora que nos encomenda a Igrexa. E acollendo as propostas finais do noso Sínodo Diocesano: *Mellorar a acollida e atención espiritual ó peregrino nas parroquias de paso do Camiño de Santiago e nos santuarios, como vieiros de evanxelización, formando e creando equipos de acompañamento*¹.

Polo presente, **NOMEO**, ó Rvdo. Sr. D. **OSCAR MARTÍNEZ CAAMAÑO**, **DELEGADO EPISCOPAL DE PEREGRINACIÓNS E PARA O CAMIÑO DE SANTIAGO**, confiando en que a dilixencia no ministerio pastoral que amosa sexa garantía dun traballo fecundo ó fronte desta Delegación.

Dado na cidade de Ourense, a un de marzo de dous mil vinte dous, memoria de San Rosendo.



Por mandato de S.E. Rvdma.


M. Emilio Rodríguez Álvarez
Canciller-Secretario

¹ Proposición nº 125